


Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do CITIUS emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.

- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2013

O REITOR



Juan José Casares Long

**SR. DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACION
D. PAULO FELIX LAMAS- DIRECTOR COMISARIO DO CITIUS
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**



SAL. 00355 23.04.12 05:47

Á vista do escrito de don Paulo Félix Lamas, Profesor Titular Director Comisario do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS) da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización dos prácticas externas do alumnado da titulación do Master en Procesos de Formación impartido na Facultade de CC. da Educación, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que o CITIUS arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Master en procesos de Formación, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas externas do alumnado do Master en Procesos de Formación nas instalacións do CITIUS que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, por un período máximo de 150 horas.
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica do Master e a Dirección do CITIUS e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas no CITIUS non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas externas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión Académica do Master, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas externas dos alumnos. Así mesmo, o CITIUS nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizarase a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do CITIUS.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.